

O PSOE aposta en Baralla por José Jaime González del Río para “gobernar para a cidadanía cun proxecto integrador e impulsor da tolerancia e a liberdade”

Arroupado polo secretario de Organización e a vicepresidenta segunda da Deputación, o alcaldable, de tan só 36 anos, presentou a candidatura coa que os socialistas se presentan ás eleccións de maio, e cuxa renovación é do 77%

Subraia que “chegou a hora de rachar co hermetismo e coa política de despacho e sectaria dun Partido Popular, que adolece novos proxectos para este municipio dende hai anos”

“Na súa folla de ruta”, aposta “pola máxima transparencia” no gasto, garantindo a igualdade de oportunidades para todos; por melloras no PXOM e nas infraestruturas básicas; pola redución das taxas municipais; e polos servizos sociais

Ferreiro e Lara Méndez subraian que “se abre unha nova etapa, que deixará atrás esas políticas arcaicas e retrógradas coas que o Goberno actual fixo tanto dano aos veciños, pois este facer, e todos o podemos comprobar, levou a este concello a un claro inmovilismo e sectarismo”, afirmaron

BARALLA, 25 DE ABRIL DE 2015.- O PSOE aposta en Baralla por José Jaime González del Río para “gobernar para a cidadanía cun proxecto integrador e impulsor da tolerancia e a liberdade”. O candidato socialista presentou este sábado a súa candidatura, arroupado polo secretario de Organización –Carlos Ferreiro- e a vicepresidenta segunda da Deputación –Lara Méndez-, onde destacou que “nos presentamos ás eleccións de maio porque chegou a hora de rachar co hermetismo e coa política de despacho e sectaria dun Partido Popular, que adolece novos proxectos para este municipio dende hai anos”.

Para elo, o alcaldable explicou que “a súa folla de ruta” inclúe, en primeiro lugar, unha nova exposición pública do PXOM, de tal xeito que se axuste ás verdadeiras necesidades do concello. Para iso, engadiu, “facilitaremos o coñecemento dos proxectos urbanísticos, a través da páxina web e nun lugar público e accesible, como é o vestíbulo da casa consistorial”. Por outra banda, “serán apoiados” polo concello, os servizos sociais básicos e a oferta pública de persoal de apoio en coidados a dependentes ou a maiores. Asemade, resituarán o punto limpo nun lugar diferente e máis axeitado ao proposto polo actual Goberno; promoverán a actividade das escolas deportivas e das asociacións culturais; reducirán “na medida do posible” as taxas e impostos municipais; rematarán “como é debido” a área recreativa; mellorarán os accesos aos núcleos rurais, ademais do alumeado público con lámpadas LED, “aforrando custos e, con elo, mellorando a iluminación”, a limpeza do casco urbano e o saneamento das parroquias.

“E, todo elo, engadiu González del Río, garantindo a máxima transparencia nos gastos do concello, nas contratacións de obras e postos de traballo, asegurando a igualdade de oportunidades para todos”.

Goberno esgotado

“Con José Jaime e o seu equipo chegará o cambio que tanto necesita Baralla”, precisou o secretario de Organización. “Abrirase unha nova etapa, que deixará atrás esas políticas arcaicas e retrógradas coas que o Goberno actual fixo tanto dano aos veciños, pois este facer, e todos o podemos comprobar, levou a este concello a un claro inmovilismo e sectarismo. Os políticos non podemos ser parte do problema, temos que ser a solución. Sen dúbida, aquí, en Baralla, a solución chegará da man dos socialistas”, destacou Ferreiro.

A este respecto, a vicepresidenta segunda da Deputación destacou a necesidade de “romper con décadas de retroceso, provocado por un alcalde que ten na súa folla de servizos unha inefable xustificación da represión franquista”. “Os veciños merecen un goberno moderno, transparente e con iniciativa, como o que lle ofrece a candidatura do PSdeG e como o que goberna na Deputación de Lugo, que, con nós, pasou de ser pechada, clientelar, anticuada e mesmo rancia, a ser hoxe unha institución moderna, aberta, pioneira e útil para todos os lucenses”, afirmou a vicepresidenta. De feito, na actualidade, engadiu, “é a sexta Deputación máis transparente de toda España”, e marca o camiño na mellora da calidade democrática coa elaboración dos Orzamentos Participativos, os primeiros dunha institución provincial no país, e na defensa dos traballadores, coa implantación das cláusulas sociais que blindan os dereitos sociolaborais.

A lista ao completo

Co proxecto que lidera José Jaime González del Río, de tan só 36 anos de idade, o Partido Socialista refórzase profundamente neste concello, pois a renovación ascende ao 77%, xa que dos 13 integrantes, 10 son incorporación novas. A lista ao completo é a seguinte:

- 1.- José Jaime González del Río
- 2.- Manuel Vicente Becerra Carballo
- 3.- María José López Martínez
- 4.- Diego Arias Méndez
- 5.- Isaac Gómez Méndez
- 6.- Patricia López Fernández
- 7.- Manuel Palmeiro Díaz
- 8.- Manuel Martínez Pombo
- 9.- María Obdulia Pardo Fernández
- 10.- Javier Fernández Fernández
- 11.- José Sánchez Losada

Suplentes:

- 1.- Ángel López Grandas
- 2.- Manuel Sánchez Losada